PAU 2026

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS

(Cód. 55)

Esta proba atenden ó apartado sétimo, "Características dos exercicios", recollido na Resolución do 3 de febreiro de 2026, publicado no DOG do 16 de febreiro do 2026.

Nese apartado sétimo recóllese o seguinte:

Punto 2. …. "*Preferentemente, as preguntas* ***contextualizaranse en contornos artísticos,*** *científicos,* ***humanísticos*** *e tecnolóxicos e en contornos próximos á vida do alumnado."*

Punto 3. "*Cada exercicio conterá necesariamente* ***preguntas abertas*** *e semiconstruídas que requirirán do alumnado creatividade e* ***capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez na súa resolución.***"

O exame é, polo tanto, **competencial** e deseñase como un *instrumento* no que se integren e valoren coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes nas que o estudante resolva problemas de aplicación funcional.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA

Na valoración da proba teranse en conta o seguinte:

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas tamén positivamente, de forma global, ata un máximo de **1 punto.**

PREGUNTA 1. Bloque 2. Visión, realidade e representación. (Ata 4 puntos).

1.1. *Lea atentamente o seguinte texto e explique o sentido do surrealismo.* **(2 puntos).**

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión da cita de André Bretón, ata 0,5 puntos.

A forza transformadora do surrealismo e a súa voluntaria necesidade de entrar no inconsciente, nos soños e na imaxinación.

Comprensión e características do surrealismo:

- Describir os aspectos do surrealismo que van mais alá dun estilo artístico chegando a formar parte dunha forma de comprender a realidade. Principais características do surrealismo. Ata 0,75 puntos.

- Exemplos de artistas, inclúe exemplos relevantes de artistas surrealistas. Ata 0,5 puntos.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

1.2. Sendo vostede guía en prácticas do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza de Madrid, ha de explicar o sentido do surrealismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra *Sueño causado por el vuelo de una abeja alrededor de una granada un segundo antes del despertar*, de **Salvador Dalí**. **(2 puntos).**

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión e análise visual da obra, ata 0,75 puntos.

Expoñer as principais características da obra pictórica.

Identificar elementos clave, como a transformacións das formas, así como a influencia do dadaismo, do psicoanálisis (Sigmund Freud), do simbolismo, doa pintura metafísica.

- Contextualización histórica e artística, ata 0,5 puntos.

Destacar a obra dentro do movemento surrealista e a relación co arte precedente e o posterior.

Sinalar a importancia da obra de Dalí no ámbito artístico. Influencia do surrealismo no expresionismo abstracto, a arte pop ou a arte conceptual.

- Reflexión crítica e análise conceptual, ata 0,5 puntos.

Reflexiona sobre o significado e a innovación da obra.

Comentar as emocións ou sensacións que a obra pode provocar no espectador.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 2. ARTE E EXPRESIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de ***Camille Claudel****. Analice as súas características estilísticas. Engada algún escultor ou escultora de similares características.*

- Características do realismo, do Impresionismo escultórico ou do simbolismo, comentando as características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Contextualización movemento, ata 0,25 puntos

- Tratar a obra de Camille Claudel, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados e a súa relación con Rodin, ata 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 3. **VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)**

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de ***Constantin Brancusi****. Analice as súas características estilísticas. Engada algún escultor ou escultora de similares características.*

- Describir as características formais presentes na obra de comenzo do século XX. Relacionar coas tendencias primitivistas e a abstracción, ata 0,75 puntos.

- Contexto histórico-social da obra, ata 0,25 puntos.

- Analizar a obra de Brancusi e citar algunha obra, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 4. **OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)**

Atendendo ao contido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, aínda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:

4.1. "Sakountala (Vertumno y Pomona)" de Camille Caudel. (2 puntos)

4.2. "La Muse endormie" de Brancusi. (2 puntos)

Tras a elección da cuestión a desenvolver valorarase a exposición clara das ideas, segundo os seguintes criterios:

- Comparación con outros autores, ata 0,5 puntos.

- Relacións con aspectos da actualidade, ata 0,25 puntos.

- Emprego de terminoloxía específica da arte, ata 0,5 puntos.

- Aportacións persoais, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

Santiago de Compostela, 3 de xullo, 2026.